

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 23 DE MARZO DE 2023

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“No pleno ordinario do pasado mes de xaneiro, o grupo municipal Popular puxo de novo en coñecemento do equipo de goberno e do resto da corporación municipal a incorrecta tramitación administrativa dos expedientes que contan con reparos suspensivos da Intervención municipal; expedientes que están sendo remitidos ao Pleno sen declarar previamente a súa nulidade a través da revisión de oficio. Posta en coñecemento que, nesta ocasión viña avalada pola sentenza da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a número 290/2022, de 19 de xullo; que sobre a base da sentenza número 722/2022, de 13 de xuño, da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, declara a inidoneidade do recoñecemento extraxudicial de créditos sen revisión de oficio previo, como procedemento de cumprimento de obrigas derivadas dun posible enriquecemento inxusto da Administración.

Sentenza que conclúe declarando nulos e contrarios a dereito os créditos recoñecidos no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos adoptado nun acordo plenario que non cumpre os citados trámites e na que acorda deducir testemuño do procedemento xudicial e administrativo á Fiscalía Superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ante a evidente existencia de indicios delituosos no ámbito da prevaricación administrativa.

Á vista do contido da citada sentenza e da tramitación de expedientes que evidencian hábitos consolidados manifestamente contrarios a Dereito, dende o grupo municipal Popular se pregunta aos responsables do goberno local de Cambre, para que informen sobre as medidas que se adoptaron os dous últimos meses nos distintos departamentos do noso concello para axustar a tramitación dos expedientes administrativos ao disposto na lexislación vixente e na xurisprudencia máis recente, como a citada sentenza, como a petición de informe ao Consello Consultivo de Galicia como paso previo á declaración de nulidade de oficio.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que xa se falou disto anteriormente; que se fixo a solicitude de informe ao Consello Consultivo con data do día 8 de marzo, despois da negativa deste a responder ao escrito da intervención municipal de 1 de marzo; que unha vez

recibido este informe cambiarán os trámites se así o establece o Consello Consultivo; que si se fixo un cambio en relación con algunhas facturas que se presentan con reparos suspensivos nos expedientes de recoñecemento extraxudicial respecto dos contratos menores e é que se deixou de facer unha invitación directa ás empresas; que agora mesmo os contratos menores que se realizan no Concello de Cambre se publican no perfil do contratante de xeito aberto para que calquera empresa poida presentar as súas ofertas; que, como xa dixo anteriormente o señor alcalde, cando reciban o informe do Consello Consultivo o fará chegar aos señores concelleiros.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

1.- “1ª.- Están a detectar ultimamente que nas publicacións do facebook municipal non se poden ver a totalidade dos comentarios que fai a veciñanza. Saíndo sinalado un apartado de “pertinentes”. Querían preguntar cal é polo cal está a acontecer isto? E se se pensa dar solución?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, di que onde pon “pertinentes” hai unha pestana que se picas nela tes a opción de poñer “todos”; di que é unha política de facebook, que como usuario de facebook estando en calquera perfil tes a opción de poñer todos, e que non é algo que configure o Concello de Cambre.

O Sr. Varela Fraguio intervén e di que reitera as queixas da veciñanza respecto disto.

O señor alcalde intervén e di que non se retira ningún comentario.

2.- “2ª.- Vendo o solo en venda da contorna da biblioteca de Cambre. Como afecta isto á posibilidade de dar remate as obras da casa da cultura?”.

3.- “3ª.- En que situación quedaría o convenio urbanístico que hai asinado?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós quen, unha vez concedido, di que non afecta absolutamente en nada.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

1.- “1º.- Un ano máis, os nosos veciños alértannos da falta de limpeza e mantemento dos lugares públicos do noso municipio. Nesta ocasión as queixas inciden na sucidade existente nos canlóns e arquetas polas que debería discorrer sen obstáculos a auga das chuvias.

Tal como se advirte nas fotografías que se achegan, as matas e malas herbas, crecen nas canles do desaugadoiro, o que evidencia a falta de limpeza e deixadez no seu mantemento.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese a limpeza das canles e arquetas do desaugadoiro das nosas rúas e camiños públicos.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que a brigada vén a realizar e continúa a realizar numerosas intervencións neste tipo de mantemento, pero como non se empregan herbicidas químicos as plantas brotan en poucas semanas e di que a brigada vai empregar unha máquina con calor que realiza as funcións semellantes aos herbicidas co que as plantas tardarán máis en brotar.

2.- “2º.- Veciños da urbanización da Barcala alértannos sobre a existencia duns cables nos alcorques situados na praza Primeiro de Maio da citada urbanización tal como se advirte nas fotografías que se achegan, dos que se dubida sobre a súa perigosidade nun lugar frecuentado por nenos e maiores, onde no mellor dos casos, poden tropezar.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese que tras informar sobre eles nas comisións informativas, se retiren.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que aclara que non son cables; que se trata das tubaxes da preinstalación da rega por goteo; que se comunicou á brigada para que se soterran e que, en ningún caso, son cables que supoñan un perigo.

3.- “3º.- Numerosas foron as ocasións nas que o grupo municipal Popular presentou ao pleno e comisións informativas ao longo deste último mandato, a falta de conservación e mantemento do mobiliario e instalacións públicas. Entre elas, tamén foron varias as ocasións nas que os nosos rogos e preguntas denunciaban o lamentable estado da escola municipal de música e o seu contorno, onde xunto aos efectos do vandalismo, con rotura de luminarias e pintadas, eran evidentes os problemas de filtracións e humidades; a última delas no pleno ordinario do pasado mes de xaneiro, comprometéndose o goberno local a resolver o citado problema á maior brevidade posible.

Transcorridos dous meses dende entón, apréciase unha vez máis que o cumprimento das promesas adquiridas brilla pola súa ausencia, xa que as pintadas, filtracións e humidades tal como se observa nas fotografías que se achegan, seguen a existir na citada instalación municipal.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se reitere ao equipo de goberno que cumpra as súas promesas e, o máis axiña posible, se borren as pintadas existentes nos muros da escola municipal de música en Sigrás e se solucionen os problemas de filtracións e humidades”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Varela Germade quen, unha vez concedido, di que a empresa rematou os labores de limpeza das fachadas, das manchas de verdello e, mesmo dos graffiti; a empresa comezou os traballos a semana pasada e remataron onte; que non acepta o rogo, dado que os traballos se fixeron.

4.- “4º.- Numerosas foron as ocasións nas que dende o grupo municipal Popular se puxeron en coñecemento do equipo de goberno de Cambre o defectuoso funcionamento da iluminación pública das nosas rúas, camiños e lugares públicos, que en múltiples ocasións deixaron a escuras aos nosos veciños.

Nesta ocasión, ao revés do que ven sendo costume, os farois do Temple se atopaban encendidos a plena luz do día, o domingo 19 e luns 20 de marzo, tal como se observa nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se solicite do concelleiro competente que se adopten as medidas pertinentes para resolver, canto antes, a correcta iluminación das nosas rúas, camiños e lugares públicos, que nos deixan a escuras de noite e se encenden de día.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que xeralmente se traballa todos os días na mellora da iluminación; que existen dúas incidencias en canto á iluminación pública; unha na rúa Valiña, na urbanización da Barcala e outra na Pena, en Sigrás, que están baixo a comprobación do servizo correspondente.

5.- “5º.- Debe ser responsabilidade de todos conxugar os dereitos que a todos nos asisten, con respecto ao descanso e benestar dos nosos veciños. Con este mesmo espírito, veciños da urbanización da Barcala, presentan as súas queixas sobre a imposibilidade de conciliar o sono e necesario descanso naquelas zonas da urbanización máis próximas ao espazo acoutado para cans e demais animais domésticos onde, segundo refiren, cada vez é máis frecuente o aumento de ruídos en horas intempestivas.

De aí que, dende o grupo municipal popular, se solicite que pola concelleira competente se adopten, coa maior brevidade, as medidas necesarias para evitar ou erradicar o problema advertido.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que non aceptan o rogo, dado que, consultada á Policía local, no último ano se rexistraron catro chamadas por este motivo no lugar que se sinala; que de tres avisos a patrulla non atopou nin cans nin fontes de ruídos; e respecto da cuarta, unha vez advertido da queixa, os propietarios abandonaron o lugar de motu propio; que estarán atentos a calquera queixa veciñal que se realice.

6.- “6º.- Así mesmo, veciños da urbanización da Barcala amosan as súas queixas sobre o deficiente estado de limpeza das rúas da urbanizacións.

Razón pola cal, o grupo municipal Popular interesa que a concelleira competente adopte as medidas necesarias para resolver o máis axiña posible a deficiente limpeza das rúas da urbanización da Barcala.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que non poden aceptar o rogo, dado que no departamento de Servizos non consta a día de hoxe ningunha queixa sobre a deficiente limpeza das rúas da urbanización da Barcala; que o servizo de limpeza funciona con normalidade; que se hai deficiencias que o comuniquen ao departamento de Servizos.

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito

“1º.-A través de varios canles de difusión aparece un vídeo dunha marquesiña de autobús totalmente rota,

na parroquia de Anceis, rúa Rocha CP-1701, e un veciño que denuncia que non se pon solución a iso a pesar de telo denunciado. Alternativa foi a comprobar que efectivamente a marquesiña está nun estado de deterioro importante.

Rogamos a inmediata solución para esta parada de autobús.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que aceptan o rogo; que se actuará o máis axiña posible.

Preguntas do PP presentadas por escrito

1.-“1ª.- Nos últimos días, os veciños do Temple viron como se recolocaban no Paseo Marítimo, enormes bloques de formigón a modo de pantallas de insonorización, coas que se pretende mitigar o ruído persistente e intenso que provocan as obras de rexeneración e dragado da ría do Burgo.

Tal como se aprecia nas fotografías que se achegan, varios deses bloques aparecen caídos no lodo da propia ría, no que parece ser un accidente en súa colocación. Descoñecendo este e outros extremos (como a súa retirada, os prazos de actuación, motivos da caída destes bloques ao leito da ría, continuación na colocación de pantallas, etc.), dende o grupo municipal Popular se require que informe sobre as actuacións que se están a levar a cabo ao respecto.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo; que se retirarán os bloques o máis axiña posible.

2.- “2ª.- Neste mes de marzo veciños do Paseo Marítimo do Temple informan como un dos cadros de subministración eléctrica/telefónica era precintado (tal como se aprecia nas fotografías que se achegan); precinto que se mantivo durante aproximadamente quince días, ata que a chuvia e o vento o levantaron, sen que volvera a ser precintado.

De aí que dende o grupo municipal se pregunte cales foron os motivos que levaron a que o citado cadro se precintara, se mantivera precintado durante máis de 15 días e non se volvera a precintar cando foi levantado polas inclemencias do tempo.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido, di que polos traballos que se están a realizar polo cambio a led se intervén nos cadros eléctricos e para evitar que persoas alleas poidan acceder, se precintaron; que non se volveu precintar, dado que os traballos nese cadro eléctrico están feitos.

3.- “3ª.- Nas inmediacións do Mesón Vasco, en Sigrás, se reanudaron, tal como se aprecia na fotografía que se achega, as obras de construción dunha promoción de vivendas, que conta co número de licenza municipal 2021/4022/0000072, e que segundo os veciños do lugar estivo paralizada durante moitos anos.

Descoñecendo a causa de tan prolongada paralización, dende o grupo municipal Popular se pregunta ao concelleiro de urbanismo sobre o motivo ou motivos de que agora, en plena tramitación do PXOM, se reanudara a súa construción (modificación das características da obra, do proxecto, de cualificación do solo, etc.)”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leiros quen, unha vez concedido, di que a licenza se outorgou con data do día 29 de abril de 2022, polo tanto, coas normas subsidiarias vixentes naquel momento; que o plan aprobado no mes de decembro de 2022 non estaba en vigor nesa data.

4.- “4ª.- Veciños de Cela interésanse polas obras de saneamento realizadas entre a Acaroadá e Outeiro, nas que segundo nos sinalan, se produxo unha paralización, por algún problema técnico que obrigou a profundizar en demasía as citadas obras.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte á concelleira competente sobre o motivo ou motivos que obrigarón a profundizar as obras máis do que, en principio, era necesario.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leiros quen, unha vez concedido di que, segundo lle comenta o director da obra, a causa da paralización das obras xamais foi a rede de sumidoiros, que se efectuou de xeito correcto en tempo e forma; que as dúas causas foron que se produxo o que se chama un gallo, que unha rede se dividiu en dúas, cuns angulos que non había no mercado e que houbo que producir unha peza conveniente e a segunda causa é que coincidiu co convenio da construción.

5.- “5ª.- Nos últimos días tiveron coñecemento de que unha veciña de Cambre tivo que abandonar a súa vivenda, escoltada pola Garda Civil, tras haber encontrado a un dos seus cans, especializado en terapias con enfermos de distintas doenzas, morto por varios tiros, ao parecer, dalgún dos seus veciños.

Dende o grupo municipal Popular solícitase á concelleira competente en materia de seguridade cidadá que informe en Comisións, á Corporación, sobre o particular.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido di que, segundo o posto da Garda Civil de Cambre e da policía local, as primeiras actuacións as efectuou a garda civil quen recibiu o primeiro aviso desta incidencia con data do día 26 de febreiro; que a policía xudicial, baixo a dirección da titular do Xulgado de Instrución Nº 6 da Coruña está a realizar a investigación sobre a autoría e a causa da morte do animal; que esta investigación está aínda en curso e que polo momento non sinala que fora por varios tiros; que por parte do Xulgado se estableceu, como medida cautelar, unha orde de alonxamento de 10 metros a favor da propietaria do can; que segundo o mando da garda civil, a propietaria abandonou a súa vivenda de xeito voluntario, e en ningún caso foi escoltada.

6.- “6ª.- No día de hoxe, os membros desta Corporación municipal foron informados vía whatsapp polo señor alcalde da rotura dunha tubaxe de gas como consecuencia das obras de ampliación da piscina da Barcala, que obrigaron á rápida intervención de membros de bombeiros, protección civil, garda civil e policía local, así como ao desaloxamento da gardería infantil e da propia piscina.

O grupo municipal Popular interesa que se informe sobre o particular, incluíndo o motivo ou motivos polos que é frecuente que no noso municipio se produzan roturas das tubaxes do gas motivadas pola realización de obras”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro quen, unha vez concedido di que o día 23 ás 9:43 horas mediante unha chamada do 112 á central operativa da policía local se tivo coñecemento dunha fuga de gas derivada da rotura accidental dunha tubaxe por parte dunha pa retroescavadora na rúa Río Sil; que de inmediato o responsable da policía local deu orde de todas as actuacións para que se

trasladasen ao lugar; que se persoaron o señor alcalde e el mesmo; así como os enxeñeiros municipais; que a policía local estableceu un dispositivo para ordear e dar seguridade aos veciños; que se desaloxaron, segundo as recomendacións do servizo de emerxencias, a escolar infantil e o complexo deportivo, que despois de aproximadamente corenta e nove minutos a rotura foi controlada e despois das medicións que levaron a cabo os bombeiros tanto no interior da escola como da piscina se recuperou a normalidade; que ás 10.45 horas se deu por rematado o dispositivo policial; que cre que foi un auténtico exemplo de como se debe levar unha emerxencia destas características e que en sesenta e dous minutos despois da chamada estaba controlado e todo ben.

O Sr. Mallo Castro continúa a dicir que, canto a que isto é frecuente, que consultados os arquivos de policía local, protección civil e servizos, que son os que reciben normalmente este tipo de avisos, hai este e outro máis en cinco anos, polo que entende que o tratamento de frecuente non é o máis axeitado neste caso.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

1.-“1ª.- A pasada semana viron como saíu un vídeo moi elaborado da obra que se pretende facer no parque Ramón Barba, que por certo difire bastante das fotografías publicadas no periódico “novas de Cambre”. Querían saber cales foron os custos dedicados ao tema, tanto no que se refire á elaboración do vídeo como a súa publicidade en diversos medios públicos”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leiros quen, unha vez concedido di que, o vídeo procede do propio contrato; que en canto á publicidade estaba dentro do contrato de medios públicos.

O Sr. Varela Fraguio pregunta se o vídeo se realizou a posteriori da adxudicación.

O Sr. alcalde intervén e manifesta que a empresa que fixo o proxecto.

2.- “2ª.- No día de hoxe, luns, foron coñecedores dunha rotura dunha tubaxe de gas no complexo deportivo da Barcala, que supuxo o desaloxamento inmediato de todas as persoas que se atopaban na instalación. Querían coñecer como repercute no desenvolvemento das obras?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leiros quen, unha vez concedido, di que non repercute.

3.- “3ª.- A adxudicación da actuación prevista no parque Ramón Barba contou co informe negativo da secretaría e técnica de xestión. Preguntan cal é a xustificación para que o goberno municipal continúe igualmente con dita adxudicación”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leiros quen, unha vez concedido, di que realmente a adxudicación non contou con informe negativo senón que na Mesa de Contratación houbo unha discrepancia e o resultado da votación foi de tres votos contra dous.

4.- “4ª.- Que cambios habería que facer para a votación en positivo do persoal técnico municipal?”.
Non contesta ningún.

5.- “5ª.- Que previsión (inicio de obras, tempo de execución...) hai para as obras da zona verde nas inmediacións da rúa Polígono?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. González Leiros quen, unha vez concedido, di que estas obras se incluíron no POS 2023 da Deputación provincial da Coruña; que cando ésta acepte e aprobe os proxectos poderá facer unha previsión: O señor alcalde intervén e di que cre que menos de nove meses é imposible.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito

1.- “1º.- Despois da noticia da instalación dos puntos de amaño e mantemento de bicicletas, rogan un novo elemento nun punto intermedio entre os existentes, por exemplo en Cela”.

O Sr. Mallo Castro di que acepta o rogo na medida que o vai a avaliar; que quere aclarar que a situación da instalación dos puntos foi a que deron os clubs ciclistas de Cambre, que entende que son os mellores coñecedores da distribución que deben de ter os puntos de amaño e mantemento e que valorará nun futuro a posibilidade de poñelo en Cela.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“Nos últimos días, púxose en marcha na Casa Arrigada os programas “disco-festa” e “ponte en forma” o que motiva que dende o grupo municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente en materia de xuventude:

1.- 1ª.- Que utilidade se lle está a dar á Casa da Arrigada nos últimos meses e cales está previsto desenvolver nos vindeiros meses?.

2.- 2ª.- En que consisten as actividades desenvolvidas en “disco-festa” e en “ponte en forma”.

3.- 3ª.- Cal foi o seguimento (persoas apuntadas) aos citados programas?.”

O Sr. presidente di que a Casa Arrigada é unha das dúas casas de Xuventude que hai en Cambre e tamén é sede da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX); que no ano 2022 houbo máis de 1227 usuarios, dos que 714 foron mulleres e 513 homes e máis do 60% foron menores de 30 anos; que no ano 2023, contabilizados os meses de xaneiro e febreiro, asistiron 210 usuarios, dos que o 75% foron menores de 30 anos e case a metade deles menores de idade; que utilizaron a casa tanto para actividades (por fin é venres), consultas e como espazo de espaxemento xuvenil.

O Sr. Mallo Castro continúa a dicir que nos vindeiros meses haberá obradoiros de cociña, cine, customización de roupa campionatos de xogos de mesa, de pimpón, etc.; que estas son algunhas actividades que teñen lugar e tamén recibe as propostas que presentan os propios usuarios da casa, as cales se intentan realizar.

En canto á segunda pregunta, o Sr. Mallo Castro manifesta que “disco-festa” e “ponte en forma” forman parte da actividade por fin é venres, que é un conxunto de actividades gratuítas dirixidas á mocidade entre 12 e 30 anos que se fan todos os venres nas dúas casas de xuventude; que en canto ás persoas apuntadas, aínda non poder facilitar os datos de participación, dado que a actividade disco-festa terá lugar o día 31 de marzo e a actividade ponte en forma terá lugar o vindeiro venres, día 24; que si pode dicir que hai catro persoas anotadas para ponte en forma e cinco para disco-festa e que aínda está aberto o prazo de presentación.

4.- “Nos últimos días viron como se colocaron ao longo do noso municipio varios postes de asistencia aos ciclistas que circulan polas nosas vías e camiños públicos, como o que se observa nas fotografías que se achegan, recollidas no contorno da Casa das Palmeiras.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente en materia de deportes:

4ª.- En que lugares se colocaron estes postes e que servizo prestan aos ciclistas?.

5ª.- Cal foi o custo dos citados postes e da súa instalación?.

6ª.- Cal é a empresa adxudicataria da súa subministración e de colocación?.”

O Sr. Mallo Castro di que, como xa manifestou anteriormente, a colocación dos postes foi a proposta dos clubs ciclistas do concello e a súa situación é a contorna da Casa das Palmeiras, o paseo fluvial ao seu paso pola Barcala e o encoro de Cecebre na zona aberta cara ao pantano; que o que permiten é elevar a bicicleta e dentro levan unhas ferramentas para reparacións típicas que poidan acontecer, como picadas, unha saída de cadea; que a instalación se realizou con medios propios do concello; que os custos dos postes é de 5.895 euros sen IVE e 7.132,95 euros con IVE incluído; que a empresa adxudicataria é Ranfitness Xestión Deportiva, S.L.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

1.- “1ª.- Para cando é a previsión de que sexan pagadas as bolsas para deportistas do pasado ano?”.

O Sr. Mallo Castro contesta que a previsión é que se paguen antes de finais deste mes.

2.- “2ª.- Dado o evento celebrado en datas pasadas como foi o entroido e con posibilidade de habelo planificado a un ano vista e dado que os informes de secretaría foron negativos, algo habitual nos últimos meses, por que non se axustaron aos parámetros requiridos en tempo e forma?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Varela Germade quen, unha vez concedido, di que a incerteza do mercado foi un hándicap para organizar a contratación da produción; que o sector da industria cultural adoce dunha serie de características estruturais que impiden desenvolver todo o seu potencial; que o mesmo aconteceu cos artistas pretendidos inicialmente; que contactado cos seus representantes ou axentes de zona se viu que os seus cachés ascendían en función da demanda da contratación artística que xurdía dende doutros operadores.

3.- “3ª.- Cal é a previsión de remate para as obras no campo de fútbol de Brexo Lema?”.

O Sr. presidente di que pola situación actual se ten previsto rematar o prazo aproximado de catro ou cinco meses.